



FONDO DE LIBROS E AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL

O xoves 20 de maio, publicouse no DOG a Orde do 6 de maio pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquisición de libros de texto e material escolar.

1- QUEN PODE PARTICIPAR DO FONDO DE LIBROS E COMPRA DE MATERIAL?

TODO O ALUMNADO QUE PARA O CURSO 2021/22 TEÑA PENSANDO MATRICULARSE NESTE CENTRO, tanto os que xa estades como os que veñen de Primaria ou doutro instituto.

PARA ISO, TEREDES QUE:

- CUMPRIMENTAR O MODELO DE SOLICITUDE ED330B, que ten dos documentos: ANEXO I e ANEXO II.**
- ADXUNTAR A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA.**

O mesmo modelo vale tanto para participar no fondo de libros como para a axuda para adquisición de material escolar.

Dende o centro fixemos uns modelos de solicitude que consideramos máis doados de cumprimentar que podedes descargar da páxina Web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescotobade/>

Se queredes empregar o modelo oficial que vén no DOG, xunto coa Orde do 6 de maio, podedes descargalo da páxina web da Xunta de Galicia:

<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>

2- PRAZO DE PRESENTACIÓN

DENDE O 21 DE MAIO ATA O 22 DE XUÑO!!

NON O DEIXEDES PARA ÚLTIMA HORA!!!



3- MODO DE PRESENTAR A SOLICITUDE:

Debedes cumprimentar unha única solicitude, tanto se ides matricular a un fillo/a ou máis.

Podedes presentar a solicitude coa documentación destes xeitos:

- ✍ Presentando no centro a solicitude. Tamén teredes que presentar toda a documentación persoal e familiar que se vos pide na mesma. Neste caso, teredes que pedir cita previa no teléfono **886159784**
- ✍ Por correo electrónico. Neste caso, debedes cubrir o modelo, asinalo e logo escanalo e envíalo xunto coa documentación requirida ao correo: **secretaria@iescotobade.org**
- ✍ Por vía electrónica na aplicación informática: a través deste enlace **<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>**

Para a resolución de posibles dúbidas, solicitude mal cuberta ou falta de documentación:
ACONSELLAMOS A PRESENTACIÓN NO CENTRO

Se optades por cumprimentar a solicitude por vía telemática a plataforma xa vos permite deixala presentada deste xeito. Asignaravos un número de solicitude que debedes conservar.

4- DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE APORTAR XUNTO COA SOLICITUDE:

- A) Copia do **LIBRO DE FAMILIA**. En caso de non ter libro de familia ou este non estea actualizado, deberán achegar algunha da seguinte documentación:
 - ✓ **Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador.**
 - ✓ **Certificado ou volante de convivencia**
 - ✓ **Informe dos Servizos Sociais do Concello.**
- B) **Discapacidade**: certificación ou calquera outra documentación acreditativa emitida polo órgano competente só no caso de que dita certificación non fora expedida por organismos da Xunta de Galicia (sería o caso do alumnado que veña doutra comunidade autónoma)
- C) **Violencia de xénero**: Se é o caso, documentación acreditativa
- D) **Resolución xudicial de incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, se fora o caso.



- E) Resolución administrativa ou xudicial** da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores para o alumnado en **situación de tutela ou garda** da Xunta de Galicia, se fora o caso
- F)** No caso de que os pais ou os titores non teñan DNI ou NIE, deberán aportar un **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais** do concello onde resida a familia.

4- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DE PARTICIPACIÓN NO FONDO DE LIBROS

- ↪ **Presentación fóra de prazo da solicitude**
- ↪ **Deficiencias na solicitude ou na documentación aportada e sen emendar nos prazos establecidos.**
- ↪ **Falta de devolución dos libros de texto adquiridos co cheque no presente curso 2020-21.**

Tenorio, 20 de maio de 2021